

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 03.05.2017      Hora: 10:30

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei en Comisión**

- 1                    1200 (10/PNC-000110)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP) que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016*
  
- 2                    2071 (10/PNC-000214)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Comisión Europea en relación coa ratificación do tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
  
- 3                    6304 (10/PNC-000629)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis  
Sobre a elaboración, a presentación no Parlamento de Galicia no ano 2017 e a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de igualdade no emprego en Galicia co fin de promover a inserción laboral efectiva das mulleres galegas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
  
- 4                    6409 (10/PNC-000648)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer os dereitos da cidadanía ante posibles prácticas financeiras inadecuadas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
  
- 5                    6491 (10/PNC-000657)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan para transformar o aforro galego en crédito para os sectores produtivos, coa inclusión de instrumentos financeiros destinados a acadar unha banca pública galega

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

6

6623 (10/PNC-000671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o nivel de transparencia así como o índice de execución orzamentaria que presentan os fondos de compensación interterritorial

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 03.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 1200(10/PNC-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP) que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea

*Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**.

O Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP nas súas siglas en inglés) está a ser negociado pola Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EUA), de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos. Trátase dun amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a protección dos dereitos laborais, medioambientais e de saúde, xa que antepón o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais ao interese xeral.

O acordo persegue a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás empresas transnacionais, así como as compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, polo que pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a capacidade dos/as representantes elixidos/as para administrar libremente as súas comunidades e promocionar a industria, emprego e iniciativas locais.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2016 16:47**  
**Nº Rexistro: 1200**  
Data envío: 15/11/2016 16:47:02.673

As leis do comercio e da desregulación priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación europea, estatal ou autonómica. Deste xeito, as distintas comunidades políticas atópanse elas mesmas dominadas por axustes estruturais restritivos debido aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes públicos para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego.

O Parlamento de Galiza ten o deber de pronunciarse sobre os contidos desta negociación pois afectará de cheo á nosa capacidade de decidir sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos. Insírese ademais no contexto dun modelo de globalización que ataca directamente os alicerces da democracia, ao situar por riba das nacións e dos pobos decisións transcendentais no eido económico que condicionarán o benestar das persoas. Desde esa perspectiva, a oposición vén fundamentada non só polo negativo impacto que para as maiorías sociais de Galiza causaría a aplicación do TTIP senón polo ataque directo que supón para exercer a nosa soberanía, a capacidade de decidir desde Galiza e en función dos nosos intereses sobre as cuestións económicas fundamentais.

Temos que ter en conta que o comercio e o investimento soamente poden conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respectan as necesidades humanas en todo lugar, e non se basean no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2016 16:47**  
**Nº Rexistro: 1200**  
Data envío: 15/11/2016 16:47:02.673

A eliminación programada e progresiva dos servizos públicos conduce, ao mesmo tempo, á eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia, a apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo.

Os dereitos sociais son dereitos inalienábeis, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado. Só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos/as e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia. O control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.

Os contidos desta negociación afectan á capacidade de decidir de Galiza sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos.

Por todo o dito formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“1.- O Parlamento de Galiza insta á Xunta a declarar a súa oposición ao TTIP por comprometer o futuro de servizos públicos básicos para asegurar a cohesión social e supoñer unha rebaixa de dereitos.



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza  
Rúa do Hóreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2016 16:47**  
**Nº Rexistro: 1200**  
Data envío: 15/11/2016 16:47:02.673

2.- O Parlamento insta á Xunta de Galiza a solicitar do Goberno do Estado a suspensión das negociacións do TTIP e apoiar todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados servizos socialmente útiles.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2016 13:10:39**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/11/2016 13:10:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2016 13:11:04**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2016 16:47**  
**Nº Rexistro: 1200**

Data envío: 15/11/2016 16:47:02.673

**Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2016 13:11:14**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2016 13:11:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2016 13:11:24**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 2071(10/PNC-000214)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Comisión Europea en relación coa ratificación do tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 3.ª**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión europea ven de aprobar o camiño cara a ratificación do CETA (Comprehensive Economic and Trade Agreement), tratado de libre comercio da Unión Europea con Canadá.

Dito camiño inclúe a votación no Parlamento europeo e a ratificación dos 28 Estados da UE nos seus Parlamentos, pero contéplase a aplicación provisional dos aspectos non considerados mixtos mentres non sexa ratificado polos Estados.

O CETA segue o mesmo modelo que inspira o TTIP: devaluación das condicións laborais e dos dereitos sindicais, empeoramento da calidade dos produtos -especialmente grave no que respecta á alimentación- colonialismo cultural coa entrada sen filtro da industria cultural norteamericana, rebaixa dos estándares medioambientais e principalmente perda da soberanía dos pobos.

Como outros tantos megatratados, é un instrumento de amplo alcance cuxo obxecto é expandir o horizonte dos investimentos transnacionais por medio do retroceso das competencias dos gobernos na regulación do interese público. O ataque á gobernabilidade democrática non se limita aos notables mecanismos de solución de diferenzas entre os investidores e os estados (ISDS, polas súas siglas



en inglés), os cales privilexian o capital transnacional mediante a creación dun ordenamento xurídico paralelo exclusivo dos investidores transnacionais

Este grave perigo é, pois, a creación de xulgados ad hoc para dirimir conflitos entre empresas e estados, cando estas denuncien a aprobación de lexislación que supostamente afecten á súa actividade comercial.

Isto significa a erosión da democracia, xa que coa entrada en vigor deste tipo de tratados reduciranse aínda máis os campos suxeitos ao escrutinio e á vontade democrática dos pobos.

Estes tratados van na liña iniciada pola aceleración da globalización capitalista desde os anos oitenta do século XX de substraer aos pobos a posibilidade de decidir sobre todas e cada unha das políticas a aplicar subordinándoas aos intereses do gran capital.

Do punto de vista do medio ambiente, este tipo de tratados incide no tipo de desenvolvementismo insostible da globalización.

O CETA afecta a Galiza e á súa lexislación e normativa e por iso o Parlamento galego non pode permanecer ao marxe do debate sobre un instrumento que pode condicionar a súa política económica, laboral e ambiental.

Por todo elo, o Grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que rexeite o CETA e demande ao Goberno do Estado a que se posicione en contra da súa ratificación.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2016 11:09**  
**Nº Rexistro: 2071**  
Data envío: 05/12/2016 11:09:13.941



2. Demandar á Comisión Europea a non aplicación provisional do CETA mentres non supere o proceso de ratificación dos Estados.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Portavoz s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 05/12/2016 11:08:41**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 6304(10/PNC-000629)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis

Sobre a elaboración, a presentación no Parlamento de Galicia no ano 2017 e a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de igualdade no emprego en Galicia co fin de promover a inserción laboral efectiva das mulleres galegas

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de motivos

A nosa sociedade enfróntase ao reto de asumir e propiciar que as mulleres desenvolvan un papel máis activo nos ámbitos públicos, económicos e, especialmente, nos postos que implican a toma de decisións socialmente importantes, pois un dos principais obstáculos para o afianzamento do principio de igualdade, na sociedade galega actual é a desigualdade no acceso aos postos de responsabilidade e toma de decisións no ámbito do traballo e a inserción, permanencia e promoción no emprego das mulleres.

Este cambio na estrutura social non é só un cambio económico, senón que vén acompañado dun novo contrato social baseado en compartir as responsabilidades e funcións. As mulleres convertéronse, precisamente, nun dos motores deste cambio transgredindo positivamente os roles tradicionais e incorporándose a todos os ámbitos públicos. E esta é, en definitiva, a maior achega que están a facer tanto a favor do mercado de traballo como da sociedade.

Os datos estatísticos do mercado de traballo e a análise da evolución da actividade, ocupación e desemprego, especialmente no referido ás mulleres, reflicten que existen diferenzas significativas en termos de igualdade.

Segundo os últimos datos do estudo sobre salarios do Instituto Galego de Estatística (IGE), correspondentes ao ano 2015, a retribución anual media bruta na comunidade para os homes roldaba os 20.000 euros, mentres que a das mulleres superaba por pouco os 15.500, o que se traduce en que estas gañaban un 22,1 % menos que os homes. Unha situación especialmente preocupante nas menores de 30 anos, onde as taxas de temporalidade se disparan por encima do 60 % independentemente do nivel de preparación.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Igual de preocupante é que un 42 % das desempregadas, ao redor de 17.400, que están a buscar un posto leven máis de dous anos tentándoo, o que provoca que algunhas desistan no seu intento e se desliguen do mercado laboral.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta preocupante situación require intensificar os esforzos para a posta en marcha de accións positivas concretas que eliminen as diferenzas nas condicións de traballo e, en particular na remuneración entre mulleres e homes.

Pero esta achega para o cambio require do apoio das institucións, xa que o enorme esforzo realizado para situar aos distintos colectivos de mulleres nunha situación igualitaria ante o emprego está condicionado pola existencia de múltiples barreiras sociais e culturais que aínda dificultan a mellora da ocupabilidade e a plena incorporación ao ámbito laboral.

Estes obstáculos, baseados en estereotipos profundamente enraizados actúan a través dos roles sociais nas persoas que ofrecen emprego como freos para a contratación, e se traducen na cronificación de situacións de desigualdade e na perpetuación de condicións discriminatorias.

No referente ao emprego, o traballo, a formación profesional e ámbitos relacionados, existen directivas de importantes repercusións, que van dende a 75/117/CEE, relativa ao principio de igualdade na retribución, ata a Directiva 2006/54/CE. O obxectivo desta última é simplificar, modernizar e mellorar a lexislación comunitaria no ámbito da igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, reunindo nun único texto as disposicións das directivas sobre este tema, co fin de facelas máis claras e eficaces. A través delas se foron recollendo as necesidades de regulamentación nas políticas económicas dos estados e na vida laboral de homes e mulleres.

O Tratado de Amsterdam, que entrou en vigor en 1999, marcou un punto de inflexión en canto á incorporación efectiva do principio de igualdade no ámbito do emprego, ao abrir co seu artigo 141.4 a posibilidade de articular accións positivas para as mulleres, de cara a lograr a igualdade real.

No ámbito estatal veuse desenvolvendo unha adaptación normativa extensa co obxectivo de trasladar todo o acervo comunitario existente en materia de



Grupo Parlamentario

igualdade entre homes e mulleres, asunto xa recollido en 1978 pola Constitución nos seus artigos 14 e 9.2.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece no seu título IV, capítulos I ao IV, toda unha batería de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

No eido autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, aborda no capítulo VI a igualdade laboral, establecendo no seu artigo 23 o Programa de Apoio ás Empresas con plans de igualdade, con medidas como o outorgamento de subvencións; a concesión do distintivo de excelencia en políticas de igualdade, ou a preferencia na concesión de contratos con esta Administración.

Como un paso máis na efectiva consecución de ditos obxectivos de igualdade, aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Unha lei consensuada coas organizacións empresariais e sindicais, cos municipios, coas asociacións de mulleres, coa sociedade civil.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha un plan de igualdade no emprego en Galicia, co propósito de promover a inserción laboral efectiva das mulleres galegas.
  - 1.1. Para a elaboración de dito plan terase en conta as achegas realizadas polas organizacións sindicais.
  - 1.2. O punto de partida fundamentarase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da muller en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; sinistralidade laboral e valor do traballo no fogar.
  - 1.3. No documento describíranse os obxectivos a alcanzar, o prazo dos mesmos, as ferramentas para conseguilo, e a dotación orzamentaria do mesmo.



1.4. Dentro do plan, estableceranse como mínimo programas específicos co obxectivo de:

- Incrementar a participación das mulleres no mercado laboral, incorporando a mulleres inactivas e paradas ao mesmo, de cara a achegar o índice de mulleres afiliadas a un nivel similar ao dos homes, definindo a graduación de intensidade en función de áreas de actuación, tendo en conta as diferenzas no índice de afiliación e paro rexistrado de homes e mulleres.
- Incrementar a calidade e seguridade no emprego das mulleres.
- Reducir as desigualdades en razón de sexo na incorporación das mulleres ó conxunto das actividades e ocupacións.
- Fomentar a implantación do principio de igualdade e de paridade retributiva por traballo de similar valor.
- Fomentar o emprendemento, a economía social e a incorporación a ocupacións dos filóns de emprego das mulleres e a súa coparticipación legal nas empresas familiares.
- Apoiar ós sectores con alto índice de presenza feminina.
- Potenciar a conciliación da vida laboral e familiar.

2. Presentar o plan de igualdade do emprego no Parlamento de Galicia durante o ano 2017.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Abel Losada Alvarez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 12:55**  
**Nº Rexistro: 6304**  
Data envío: 08/03/2017 12:55:11.826



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2017 12:33:49**

**María Luisa Pierres López na data 08/03/2017 12:33:54**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2017 12:33:59**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 12:34:03**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 12:34:08**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 12:34:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 12:34:16**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 6409(10/PNC-000648)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer os dereitos da cidadanía ante posibles prácticas financeiras inadecuadas

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de febreiro fíxose público o resultado dunha investigación feita pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) sobre as prácticas das entidades bancarias no conxunto do Estado e, polo tanto, tamén no noso país.

Os elementos máis destacados do citado informe son os seguintes:

A actuación dirixiuse a unha mostra representativa de entidades que aglutinan ao redor do 50% das sucursais bancarias. Entre os meses de setembro a novembro, realizáronse un total de 450 visitas, simuladas por 179 “clientes misteriosos” en 20 grandes poboacións distribuídas por todo o territorio nacional.

O exercicio permitiu identificar algunhas das debilidades das prácticas comerciais das entidades analizadas.

Detectouse que con frecuencia fórmulanse verbalmente recomendacións implícitas que son percibidas como asesoramento polos clientes.

Isto vén a confirmar a percepción obtida pola CNMV na súa experiencia supervisora de que en ocasións préstase un verdadeiro servizo de asesoramento



sen que o cliente o advirta con claridade e sen que as propias entidades o clasifiquen ou o recoñezan como tal e, en consecuencia, apliquen as regras propias do mesmo.

A CNMV estima que as entidades deben implementar procedementos de formación e de transmisión de información e instrucións á súa rede comercial, incluíndo os controis oportunos, para minimizar o risco de que o servizo de asesoramento en materia de inversión se preste de maneira inadvertida e non recoñecida. En particular deberían transmitir instrucións claras ao persoal da rede comercial para que este sexa especialmente coidadoso nas conversacións mantidas con clientes non asesorados.

O exercicio realizado puxo de manifesto unha grande concentración da oferta de produtos en fondos de inversión. En aproximadamente o 90% das visitas a oferta inicial incluíu fondos de inversión. Respecto deste feito pode destacarse o seguinte :

- Con frecuencia, as entidades entregaron fichas comerciais en lugar de facilitar os Documentos de Datos Fundamentais para o Inversor (DFI). En algúns casos, ditas fichas comerciais non reflectían correctamente todos os datos fundamentais sobre o produto recollidos no DFI ou facíanos de forma imprecisa e incorrecta e, aínda que inclúsen as mesmas advertencias para o inversor que se destacan nos DFI, a forma de presentalas (pé de páxina, letra pequena, etc) ninusvalorábaas.

A totalidade dos fondos ofrecidos foron fondos xestionados polo propio grupo da entidade correspondente. Isto, unido ao risco antes mencionado de recomendacións verbais implícitas, fan necesario recordar o deber de xestionar adecuadamente os conflitos de intereses no contexto da comercialización de produtos.





Outros aspectos que puxeron de releve deficiencias na información ofrecida verbalmente aos clientes durante a actividade de comercialización, previa á prestación de servizos de inversión e que aconsellan que as entidades analicen e reforcen os procedementos empregados para a transmisión de información aos clientes minoristas, foron os seguintes:

- Insuficiente información verbal con respecto ás comisións, custes e gastos aplicables aos instrumentos ofertados.
- Durante a explicación oral da natureza dos instrumentos financeiros ofertados, con certa frecuencia fíxose fincapé nas vantaxes dos mesmos facendo unha insuficiente referencia aos seus riscos, o que supuxo unha presentación pouco equilibrado do produto. Adicionalmente, en ocasións, cando o persoal comercial anticipou verbalmente ao cliente simulado que o produto ofertado podía non resultar conveniente minusvalorouse este feito restándolle importancia.

As normas de conduta do mercado de valores establece un deber xeral de información por parte das entidades prestadoras de servizos de inversión aos seus clientes. Os clientes minoristas, en particular, deben ser adecuadamente informados, debendo ser a información que se lles facilite, incluída a verbal, imparcial, clara e non enganosa, sen que poida destacarse os beneficios potenciais dos instrumentos ofertados sen detallar tamén, de forma equilibrada, os seus riscos.

Diante da preocupante situación descrita pola CNMV o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que indague sobre as prácticas financeiras inadecuadas que se poden estar producindo no noso país e poña os



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/03/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 6409**  
Data envío: 09/03/2017 14:20:11.536



medios ao seu alcance para evitalas, protexendo, deste xeito, os dereitos da cidadanía galega cando utiliza os servizos financeiros.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea    Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 09/03/2017 14:19:25**

**Antón Sánchez García na data 09/03/2017 14:19:33**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 6491(10/PNC-000657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan para transformar o aforro galego en crédito para os sectores produtivos, coa inclusión de instrumentos financeiros destinados a acadar unha banca pública galega

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/03/2017 12:19  
Nº Rexistro: 6491  
Data envío: 13/03/2017 12:19:57.567

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á mala evolución do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

Os últimos datos relativos ao volume de créditos e depósitos por comunidades autónomas publicados polo Banco de España e referidos a setembro do 2016 amósanos como o noso aforro emigra para fornecer de crédito a outros territorios. Galiza conta cun volume de créditos de 44.697 millóns de euros, unha cifra moi inferior aos 60.588 millóns de euros de depósitos bancarios.

Con estes datos, Galiza é a comunidade que peor relación presenta entre créditos e depósitos de todo o estado, xa que de cada 100 euros en depósito, so 74 van destinados a crédito no país. Así, Galiza ten 15.891 millóns de euros en depósitos que non se destinan a créditos para os nosos sectores produtivos ou as economías domésticas galegas.

O crédito galego representa só o 3,41% do crédito do conxunto do Estado. Posto que o peso da poboación galega no total estatal é de 5,88%, isto significa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 6491**  
Data envío: 13/03/2017 12:19:57.567

que o peso do crédito en Galiza é case a metade (0,58) do que nos correspondería de distribuírse o crédito en función da poboación.

A relación entre volume de créditos e depósitos non só e a peor do estado, senón tamén a que peor evolución recente sufriu. Se no 2009 por cada euro en depósito existían 1,32 euros en crédito, na actualidade, como sinalamos antes, a cifra sitúase no 0,74, o que significa que a relación entre créditos e depósitos caeu un 44,1% neste período. Trátase dunha caída case o dobre de intensa que a do conxunto do estado, que descendeu nun 24,8%.

En resumo, Galiza é o territorio que ten un volume máis baixo de créditos en relación cos depósitos, pero ademais é o que presenta unha peor evolución recente. Os datos publicados confirman os efectos negativos que a reestruturación bancaria tivo para Galiza, onde un deseño estatal alleo aos intereses de noso pobo deu como resultante a perda de entidades financeiras propias, coa bancarización e venda a prezo de saldo de Novagalicia Banco. Así mesmo os datos reafirman a necesidade de deseñar medidas que favorezan que o aforro galego se traduza e crédito e investimento no noso país.

Por todo isto, fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a deseñar un ambicioso plan destinado a que o aforro dos galegos e galegas se traduza en crédito para os nosos sectores produtivos, que inclúa a creación de instrumentos financeiros como a



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 6491**  
Data envío: 13/03/2017 12:19:57.567

transformación do Igape nun Instituto Galego de Crédito e Investimento de cara a avanzar no obxectivo dunha banca pública galega.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 11:34:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 11:34:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 11:34:36**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 11:34:56**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:19**  
**Nº Rexistro: 6491**  
Data envío: 13/03/2017 12:19:57.567

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 11:34:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 11:35:02**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 03.05.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 6623(10/PNC-000671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o nivel de transparencia así como o índice de execución orzamentaria que presentan os fondos de compensación interterritorial

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*





Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Un dos últimos informes de fiscalización remitidos polo Consello de Contas é sobre os Fondos de Compensación Interterritorial do exercicio 2014.

No dito informe atopamos, entre as recomendacións feitas polo Consello de Contas, unha serie delas que nos preocupan, posto que tanto o nivel de transparencia como o índice de execución orzamentaria semellan claramente mellorables.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego para que:

1º) Implante o subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, integrado no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos ditos Fondos.

2º) Xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado ao remate do exercicio.

3º) Poña en marcha todos os medios posibles para acadar os índices de execución próximo ao 100 % dos ditos fondos.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 09:30**  
**Nº Registro: 6623**  
Data envío: 14/03/2017 19:27:13.689



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

---

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2017 19:07:28**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/03/2017 19:07:38**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2017 19:07:48**